

GALIZA COA PALESTINA

PAREMOS O XENOCIDIO

Compañeiras, compañeiros:

Reunímonos aquí despois de varios días de brutal agresión sionista contra a Palestina. Unha agresión que é permanente e que sobe ou baixa de intensidade en función dos intereses internos do estado de Israel. Os bombardeos sobre Gaza, as matanzas en Cisjordania, a violencia sistemática e diaria contra a poboación dos Territorios Ocupados non son unha novidade. Mais nesta semana, mentres lembramos os 73 anos da Nakba, esa política criminal está a atinxir novos niveis de barbarie. E dicimos isto conscientes de que a vida en cada rúa e cada morada da Palestina é xa insufrible todos os días, sen excepción.

É insufrible por causa dunha ocupación sionista que, cando non mata abertamente, aplica o modelo do apartheid expulsando millares das súas casas, dos seus traballos e das súas terras, impondo embargos e bloqueos ilegais, impedindo calquera desenvolvemento normal da vida das e dos palestinos e estrangulando mais e mais o grande campo de concentración que é Gaza sempre que convén por motivos políticos internos.

Desde comezos de Maio, mobilizacións masivas en Xerusalén e outras cidades contra os novos despexos forzados que practican as forzas represivas israelitas en barrios como Sheikh Jarrah, em Xerusalén Leste, levaron a unha nova resposta desproporcionada e brutal por parte de Israel. Alén da violencia física, desta volta as accións represivas son tamén simbólicas, dirixíndose contra a mesquita de al-Aqsa — un dos lugares mais sagrados para o islam. O Estado de Israel, liderado por partidos que prometen limpeza étnica nos seus programas, procura así escalar un conflito que necesita sexa como sexa, para se xustificar a si mesmo.

Esta situación, que debe escandalizarnos e facernos reaccionar, é nos presentada de maneira sistemática polas grandes empresas de comunicación como un “choque” entre dous países veciños, entre xudeus e musulmanos, entre árabes e israelitas. Porén, os bombardeos, asaltos e crimes sionistas non son “choques violentos”, nin un “conflito”, nin unha “cuestión relixiosa”. Son o resultado do avance permanente da ocupación, que necesita estenderse cada vez a máis territorio, vaciándoo de poboación nativa para o ocupar con novos grupos de colonos vindos de fóra que acreditan que a súa relixión lles dá dereito a se instalar nunha terra xa habitada por outras persoas e a expulsalas.

Desde a creación do Estado de Israel, esa política de expulsión e substitución ten sido permanente e inexorable. A listaxe de vilas e cidades vaciadas pola forza e anexadas ao proxecto expansionista de Israel é xa interminable. E a de persoas convertidas en refuxiadas atinxe xa, nos cálculos máis conservadores, os 6 millóns.

Fronte a isto e fronte ao masacre, Palestina ten dereito a se defender. Non o dicimos nós. Dío o dereito internacional, que recoñece o dereito dos pobos á autodefensa.

O estado de Israel preséntase ao mundo como un país atacado. Sen embargo, non só é evidente a dramática diferenza de forzas entre as defensas populares palestianas e un dos maiores exércitos do mundo. Tamén cómpre lembrar que, coa mesma política de violencia e odio, Israel ataca de maneira permanente o Líbano, Irán e Siria e mesmo ataca activistas antiapartheid que se mobilizan en axuda do pobo palestino, encarcerando esas persoas e acusándoas de terrorismo. A impunidade con que fai isto é a impunidade que lle outorgan as grandes potencias imperialistas, que son, pola súa vez, as verdadeiras fabricadoras dese estado artificial — punta de lanza dos seus intereses xeopolíticos no mundo árabe e o Oriente Medio.

Nós, a millares de quilómetros, non podemos ficar impasíbeis. Porque é de xustiza apoiar a causa da Palestina e porque temos ferramentas para actuar. Primeiro: coa mobilización social; coa axitación e a condena pública do rexime sionista de Israel e apoiando o dereito de autodeterminación da Palestina. Mais tamén desmascarando os estados que apoian ou que evitan condenar as agresións sionistas empregando fórmulas de equidistancia cada vez máis ridículas e indignantes. A comezar polo estado español. E a seguir pola Unión Europea, que segue o ditado dos Estados Unidos deixando facer, mentres criminaliza a resistencia palestina. Segundo: participando activamente da campaña de Boicote, Desinvestimentos e Sancións contra Israel. Deixando de comprar produtos fabricados en Israel, esixindo a institucións e empresas que cesen os contratos e colaboracións con entidades israelitas, e premendo a comunidade internacional para que deixe dunha vez de expresar “consternación” e imponha sancións colectivas contra Israel.

Paremos o apartheid e o xenocidio!
Palestina Vencerá!